


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/04/2019 13:54:17

SAIDA

4359/19



Reclamante: [REDACTED], en representación da Federación [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 022/2019

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] mediante escrito do 24 de xaneiro de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 22 de xaneiro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a denegación, por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á documentación relacionada co denominado Complexo Ambiental de Miramontes-Grixa, Santiago de Compostela, solicitada á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O escrito viña acompañado de copia de certificado da secretaria da Federación [REDACTED] [REDACTED] no que consta o nomeamento de [REDACTED] como presidenta da Federación [REDACTED] e do DNI da representante.

Segundo. Con data 28 de xaneiro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 1 de febreiro de 2019

Terceiro. Con data 6 de febreiro de 2019 [REDACTED] presenta escrito no que solicita que se una ao expediente a Resolución da Directora Xeral de Calidade Medioambiental e Cambio Climático que achega co seu escrito.

Cuarto. Con data do 13 de xaneiro de 2019, a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda remitiu informe da Directora Xeral de Calidade Medioambiental e Cambio Climático no que en síntese informa que unha vez recibida a solicitude de acceso á información ambiental procede a aplicación da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

Que con data 08 de novembro de 2018, recíbese comunicación do Ministerio Fiscal, na que se solicita información e copia dos expedientes e documentos tramitados na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, na investigación realizada pola Fiscalía co número 197/2018.

Con data 05 de decembro de 2018, contestouse ao requirimento de documentación efectuada pola Fiscalía e con data do 17 de xaneiro de 2019 a Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, resolveu denegar o acceso á solicitante por tratarse de información sometida a unha investigación por parte da Fiscalía. A dita resolución púxose a disposición da interesada por medio da aplicación notific@, á que non puido acceder, polo que se lle remitiu por correo postal con data do 29 de xaneiro de 2019.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013. Esta Lei establece que a reclamación ten carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación, ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O artigo 12 da Lei 19/2013, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016 sinala que o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.



Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 143 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a Administración resolveu expresamente con data do 17 de xaneiro de 2019, é dicir, con posterioridade á presentación da reclamación pola Federación interesada ante a Comisión de Transparencia de Galicia, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.-

A solicitude presentada con data do 10 de setembro de 2018 pola Federación reclamante ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, segundo a resolución do 17 de xaneiro de 2019 da Directora Xeral de Calidade Medioambiental e Cambio Climático, tiña como finalidade, en relación co Complexo Ambiental de Miramontes Grixoa-Santiago, que se lle confirira á Federación a condición de interesada, o acceso á documentación que teña relación con este asunto posterior á acta de inspección do día 22/11/2017, para coñecer a situación actual do vertedoiro e poder exercer os dereitos que a normativa legal lles outorga, en concreto ás actas e informes de inspección realizadas con posterioridade á data indicada, de ser o caso copia do expediente do procedemento sancionador que se poida ter iniciado por incumprimento das condicións dá DIA e dá AAI, así como dos requirimentos efectuados polo persoal técnico da Xunta, os resultados das análises das mostras tomadas en distintas datas e medidas adoptadas pola empresa para minimizar os cheiros do vertedoiro e para afastar as gaivotas. Así mesmo se solicitaba que de non terse iniciado xa, se incoase procedemento sancionador contra a empresa, coa adopción das medidas á vista das conclusións das inspeccións xa realizadas.

A Directora Xeral de Calidade Medioambiental e Cambio Climático non resolveu a solicitude de acceso á información en prazo, pero con data do 17 de xaneiro de 2019, dita resolución na que denega a información solicitada, indicando que a solicitude se tramitou de conformidade co establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente.

Entrando na análise da información solicitada, debemos considerar que a información que se solicita ten carácter medioambiental, como así o considerou a Dirección Xeral, ao estar referida principalmente a documentación a actas de inspección referentes a un vertedoiro, resultados de análises e medidas adoptadas para a minimización de cheiros do Complexo Ambiental de Miramontes Grixoa-Santiago.

Por tanto, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, a solicitude debe tramitarse, ao ter esta materia previsto un réxime xurídico específico, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso, pola súa normativa específica, e supletoriamente, no non previsto, pola normativa en materia de transparencia.

A Lei 19/2013 ten un carácter supletorio respecto daquelas materias que teñan unha regulación específica de acceso á información, como sucede no caso da información ambiental, que se atopa regulada na referida Lei 27/2006. O artigo 2.3 desta Lei considera información ambiental toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, a auga, o chan etc..) os factores, tales como substancias, enerxía, ruído etc que afecten ou poidan afectar os elementos do medio ambiente citados anteriormente, as medidas, incluídas as medidas administrativas, como políticas, normas, plans, programas e acordos en materia de medio ambiente, os informes sobre a execución da lexislación ambiental, o estado da saúde e seguridade das persoas, condicións de vida humana, bens do patrimonio histórico, cultural e artístico e construcións.

O concepto de información ambiental contido na Lei 27/2006, e nas Directivas Europeas 2003/4/CE e 2003/35/CE é dunha gran amplitude, afirmándose en diversas sentencias Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas que o concepto de información medioambiental abrangue calquera información relativa ao estado dos distintos elementos do medio ambiente, as actividades ou medidas que poidan afectar ou protexer o estado dos devanditos elementos, incluídas as medidas administrativas e os programas de xestión do medio ambiente, debendo ser interpretada a directiva no senso de que no concepto de medidas administrativas, non se debe excluír ningunha das actividades que desenvolve a autoridade pública, debendo incluírse todas as formas de exercicio de actividade administrativa. O Tribunal mantén que para que unha información se considere que versa sobre medio ambiente a efectos da Directiva, basta que un informe da Administración constituíse un acto que puidese afectar ou protexer o estado dalgún dos sectores do medio ambiente aos que se refire a Directiva.

De acordo co anterior, non cabe senón concluír que a solicitude, polo seu contido relativo a materias que sen dúbida deben ser incluídas dentro do concepto de información ambiental do artigo 2 da citada Lei 7/2006, debe ser tramitada de acordo co procedemento establecido na mesma, incluíndo os procedementos de recurso, carecendo por tanto esta Comisión de competencia para resolver sobre esta materia, polo carácter ambiental da información que se solicita.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


ACORDA

Única : Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Federación [REDACTED] con data 24 de xaneiro de 2019, contra a denegación de da súa solicitude de acceso á información referente ao Complexo Ambiental de Miramontes Grixoa-Santiago .

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga